



A HIDROSFERA

A HIDROSFERA

1- DEFINIÇÃO E COMPOSIÇÃO DA HIDROSFERA.

- OS ESTADOS DA AUGA

2- O CICLO DA AUGA.

3- AS AUGAS SUPERFICIAIS.

- OS RÍOS

OS ELEMENTOS DUN RÍO

AS CARACTERÍSTICAS DUN RÍO

4- AS AUGAS SUBTERRÁNEAS.


5- PREGUNTAS.

1- DEFINIÇÃO E COMPOSIÇÃO DA HIDROSFERA

A **hidrosfera** é a capa de auga que recobre o 70% da superficie da Terra. Esta formada polos océanos, mares, ríos terrestres e subterráneos, glaciares, lagos e o vapor de auga contido na atmósfera.

A auga é un elemento indispensable para os seres vivos, nada pode existir sin ela.

A auga pode atoparse na natureza en **tres estados** diferentes:



- **SÓLIDO:** Cando a auga líquida está sometida a baixas temperaturas conxelase. Encontrámola en forma de xeo e neve no alto das montañas, no Polo Norte e no Polo Sur.

Cando o xeo e a neve se quentan cambian de estado sólido a líquido.

- **LÍQUIDO:** É a auga que atopamos nos mares e océanos, lagos, fontes, acuíferos (augas subterráneas).

A maior parte da auga do planeta é salgada (o 97,5%). Cando a auga se enfría e chega a 0°C de temperatura convértese en sólido.

- **GASEOSO:** Cando a auga líquida se quenta evapórase e pasa a estado gaseoso, o sea, transformase en vapor de auga.

Protexer a hidrosfera é importante, solo unha pequena parte da auga do planeta é doce.

- Os **seres humanos** utilizámola para nosa vida cotiá (beber, cociñar, limpar...).
- As **plantas** para realizar a fotosíntese.
- O medio no que habitan os **seres acúaticos** contribue a manter temperada a Terra, porque absorve a calor do Sol.

Algúns **consellos** para protexer a hidrosfera:


- Evitar que se contamine as augas por vertidos de substancias ou obxetos.
- Facer un consumo responsable da auga.

2- O CICLO DA AUGA

Ás veces parece que a auga desaparece, sen embargo, a cantidade total de auga no planeta permanece constante, o que ocorre é que se atopa en continuo movemento.

Chamamos **ciclo da auga** aos continuos movementos e cambios naturais que experimenta a auga na Terra. Consta de varios procesos que se suceden ao mesmo tempo:

- (1)- **Paso de vapor de auga a atmósfera:** o sol quenta a auga, transfórmase en vapor e ascende a atmósfera.
- (2)- **Formación das nubes:** o vapor de auga da atmósfera ao ascender arrefrúa e forma as nubes.
- (3)- **Precipitacións:** A auga das nubes cae a superficie en forma de chuva, neve ou sarabia.
- (4)- **Circulación da auga subterránea:** Parte da auga da chuva e de cando se derreten masas de neve e xeo, fíltrase baixo a terra formando as augas subterráneas.
- (5)- **Circulación da auga pola superficie terrestre:** A parte restante da auga líquida corre polos ríos, ata os mares e os océanos.



3- AS AUGAS SUPERFICIAIS

As augas da hidrosfera están repartidas en dous conxuntos: as **augas superficiais** e as **augas subterráneas**.

As **augas superficiais**, son as que se encontran sobre a superficie da xeosfera. Fórmanse a partir das precipitacións ou polo afloramento de augas subterráneas.

Poden presentarse en :

- **Movemento** (ríos, regueiros e outras correntes de auga).
- **Quietas**(lagos, encoros, océanos e mares).

Estas augas poden ser **salgadas** ou **doces**:

- **Salgadas** (océanos e mares).
- **Doces** (ríos, regueiros, lagos e lagoas, as masas de xeo e neve que cobren os polos e as montañas).

OS RÍOS

- Un **río** é unha corrente continua de auga doce formada pola auga da chuvia ou de neve cando se funde. Nace na montaña e desemboca no mar.
- Un **afluente** é un río que desemboca noutro río.
- A **canle** é o terreo por onde discorren as augas dun río.
- As depresións ou inclinacións de terreo que fan que a auga das montañas chegue ao mar reciben o nome de **concas hidrográficas**.
- O conxunto de terras, ou concas hidrográficas, cuxos ríos van desembocar a un mesmo mar se chama **vertene hidrográfica**.

OS ELEMENTOS DUN RÍO

-**Nacente** ou **nacemento**: onde nace.


-**Curso**: percorrido desde o nacemento a súa desembocadura (ten tres tramos).

- **Curso alto**: parte máis próxima ao nacemento. (augas rápidas).

- **Curso medio**: tramo intermedio, se a zona é chaira, o río forma curvas chamadas **meandros**.

- **Curso baixo**: parte final, próxima a desembocadura (augas lentas e depositan os materiais).

-**Desembocadura**: é onde o río verte as súas augas. Pode ser ao mar ou a outro río.



AS CARACTERÍSTICAS DUN RÍO

- A **lonxitude** é a distancia entre o nacemento dun río e a desembocadura. Así pode ser **longo** ou **curto**.
- O **caudal** é a cantidade de auga que leva o río nun lugar e momento determinados.
- O **réxime** é a variación do seu caudal ao longo do ano. Así pode ser río **regular** ou **irregular**.

As características varían debido a dous **factores**:

- O **relevo**, canto máis distancia teñan dende onde nacen ata a súa desembocadura, máis longos serán.
- O **clima**, canto máis chuvioso é o clima do lugar por onde discorren, máis caudalosos serán.

4- AS AUGAS SUBTERRANEAS

As **augas subterráneas** son as augas situadas por debaixo da superficie do chan, nos espazos porosos do solo e nas fracturas das rochas.

Fórmanse cando as augas superficiais, ou directamente a auga da chuvia se filtran a través das gretas do solo e almacénanse no interior da xeosfera.

Poden regresar a superficie a través de **fontes** ou **mananciais**.

Tamén se pode acceder a elas mediante a escavación de **pozos**.



5- PREGUNTAS

- Que é a hidrosfera?
- En que estados pode atoparse a auga?
- Como podemos protexer a hidrosfera?
- Como poden presentarse as augas superficiais?
- Cales son os tramos do curso dun río?

GRAZAS
POLA VOSA
ATENCIÓN

